

Os executivos, en crise

Este foi un ano negro para os grandes executivos: eles tamén sufriron, como os traballadores, como as traballadoras, os garfos crueis da crise económica. É así que Alfredo Sáez, conselleiro delegado do Banco Santander, gañou 9.18 millóns de euros no ano 2010. Está indignado. Isto é unha derrota, un fracaso persoal. O ano anterior gañara 10.23 millóns. Este ano foi un 10% menos, e iso non se pode consentir.

Hai máis. Este desastre esténdese aos outros conselleiros do mesmo banco, cunha media dun 4,5% menos de soldo: Emilio Botín (o presidente do banco) gañou 3.86 millóns, Francisco Luzón (conselleiro) 5.67, Matías Rodríguez Inciarte (delegado) 5.06, Ana Patricia Botín (a fillísima) 3.48, Juan Rodríguez Inciarte (todo queda na familia) 3.16 millóns. Por sorte, poden compensar un pouco repartíndose 6.36 millóns en

retribucións diferidas en accións, sexa o que sexa o que queira dicir isto. Algo máis de cartos que van cobrar, seguro.

Os datos non foron aviesamente sustraídos por algún afiliado agochado da CNT no edificio central do banco: foron publicados por eles mesmos no seu informe anual, seguramente coa intención de provocar a nosa pena e solidariedade diante das graves perdas do seu poder adquisitivo. O desastre tampouco parou aquí: o seu informe di que 22 altos directivos do Banco Santander (non os do Consello, se non da segunda ringleira) cobran a máis de 3 millóns de euros por barba, sen contar as accións diferidas que mencionamos antes. So falamos, claro, do que gañan no Santander; estaría bo que nos contaran as súas cousas da Bolsa e negocietes varios.

Eu coñezo a un soldador especialista cun soldo decente e moitas horas extras que só grazas ao aumento da idade de xubilación poderá, nun total de 42 anos de traballo, gañar a metade do que gaña un dos segundóns do Santander. De verdade que fixo o cálculo: 1 kilo e medio en 42 anos, contando, claro, con non pasar por un ERE, ou un accidente laboral serio.

Despois consolouse: o meu amigo este ano tivo unha perda do 3% (mala sorte: non houbo cláusula de revisión, a «empresa» pediulle un esforzo aos traballadores, agora subiulle a hipoteca), pero os do Santander están fodidos de verdade: o que menos tivo un 4.5%. Chupa do frasco, puto capitalista!

Será que aprenderemos algo do accidente de Fukushima?

Algunhas persoas sentiríanse inseguras voando nun avión de máis de 40 anos. Moitos máis o farían se soubesen que a compañía de aviación foi condenada varias veces por falsear informes de seguridade, e mesmo se lle prohibiu voar por un tempo. Con todo, no caso das centrais nucleares danse esas circunstancias, aínda que claro, «voar con eles» é imposto.



No mundo

A empresa responsable da central nuclear de Fukushima I, (TEPCO), foi condenada en varias ocasións por falsear informes de seguridade. Estes envíos de datos falsos de seguridade (máis de 200) descubríronse grazas a filtracións de traballadores da compañía e nunha ocasión implicaron o peche durante meses de todas as súas instalacións nucleares. Noutra ocasión, despois dun terremoto próximo á central nuclear de Kashiwazaki-Kariwa (a máis potente do mundo, con 7 reactores), revisáronse estes durante máis dun ano para engadir elementos de seguridade para terremotos. Non se modificaron as restantes centrais nucleares da compañía.

Tanto no accidente de Chernóbil (Ucrania) como no de

Three Mile Island (EEUU), déronse moitos erros humanos. Pero ademais demostrouse que existían erros de deseño e unha despreocupación total pola seguridade que podían ter causado accidentes similares moito antes. En ambas ocasións a poboación veciña foi avisada tarde e a información inicial que se difundiu non se correspondía co perigo real.

No estado español

No estado español pecháronse centrais por problemas de seguridade (Vandellós I) e producíronse varios incidentes nucleares, incluíndo escapes radioactivos. En varios destes incidentes a empresa ocultou información e mesmo (segundo o Consello de Seguridade Nuclear, CSN) mantiveron a central funcionando en

condicións de «seguridade degradada». En varios casos sancionouse economicamente ás empresas xestoras por estes incidentes e nunha ocasión tívose que evacuar aos traballadores do recinto dunha central. A central nuclear máis antiga (Garóña) iniciou a súa construción en 1966 (hai 45 anos).


A estreita relación entre a industria nuclear e os poderes políticos (partidos políticos, CSN, etc.) é clara e móstrase por exemplo na contía das sancións que na súa inmensa maioría non superan os ingresos de un día de uso da central. Outra mostra é que polo menos un dos presidentes do Consello de Seguridade Nuclear (Juan Manuel Kindelán) foi uns anos antes presidente da Empresa Nacional de Residuos, e varios conselleiros do CSN pasasen posteriormente a xerentes de centrais nucleares.

A favor das nucleares?

Os argumentos habituais a favor da enerxía nuclear son: non contamina e resulta barata. É obvio que contamina: xera residuos nucleares e os reactores unha vez finalizada a súa vida útil requiren

Segue na páxina 3

Nen o traballo
Nen a crise
Nen o paro
Nen a hipoteca
Nen a xubilación
Nen a reforma laboral...



Outra volta ó circo eleitoral

Mais unha vez cerca-nos o circo eleitoral que nos recorda periodicamente, baixo un ou outro parlamento a ocupar, que vivemos en democracia. Mais unha vez vemos as elites dirixentes convertidas en clases mendicantes, quen nunha irónica e terríbel reviravolta do sistema mendigan a legitimidade do seu poder e, como nos custa menos do que unha moeda nun chapéu, damos-lla. Mais unha vez acosamos con propaganda obscena. Mais unha vez apelan na nosa responsabilidade cívica a escoller unha opción de goberno dentro dunha non-opción de sistema. E mais unha vez, moita xente para quen a concorrencia electoral é apenas unha anécdota, moita xente que acreditamos nunha asociación libre de iguais e que pulamos pola construción e expansión de espazos rexidos polo pacto continuo e liberados da violencia sistémica do capital, debemos expresar a nosa posición: a abstenición, o que ven expresar unha postura vital e moral mais profunda e unha posición frontal en canto ao sistema: a liberdade e a desobediencia.

Así, ante a nova cita electoral que esta vez nos propón as corporacións municipais (é de notar que ante a proliferación de comicios e como síntoma da calidade meramente estética destes, moitas ve-



ces nen sabemos en que votamos), voltamos manifestar que a abstenición é a única posición válida, tanto na teoría como na práctica.

Nós non acreditamos nun sistema que instaura o voto de representantes e imposibilita a decisión sobre todas e cantas eventualidades nos afectan nas nosas vidas. Entendemos que así se nos despoxa da nosa capacidade e vontade de goberno, é dicir, da nosa auto-determinación, por unha apropiación ilexítima de quen se dá, pola vía da violencia, o dereito de dirixir as vidas alleas.

Nós só defendemos un sistema onde a toma de decisións se fai no propio espazo de debate onde participa o conxunto de persoas afectadas pola cuestión. De aí que non podamos acreditar nen defender transitoriamente un sistema que instaura un grupo que verticaliza a sociedade ao situar-

Segue na páxina 3

Solidariedade Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.
Dep. Legal: C-984-2006
Compostela / A Coruña, Maio 2011

Enderezos da CNT na Galiza

Comité da Rexional Galáica

cr@cntgaliza.org www.cntgaliza.org

Blog hostelería e comercio: <http://cnthosteleria.blogspot.com/>

Blog Sección TVE Galicia: <http://cntrtvegalicia.blogspot.com/>

A Coruña

Rua Washington, 36, baixo 15002 A CORUÑA
Tel/Fax: 981 90 40 44 corunha@cntgaliza.org

Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA

Compostela

R/ García Prieto, 24-28 15706 COMPOSTELA (A CORUÑA)
Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256 compostela@cntgaliza.org

Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.)

Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34 36202 VIGO (PONTEVEDRA)
Tel. e Fax: 886 116 558 sov@vigo.cnt-ait.es

Lugo

R/ Ramiro Rueda, 15, Entrechán Dta. 27002 LUGO
Tel: 650 269 807 lugo@cntgaliza.org

Blog: <http://cntlugo.blogspot.com/>

Pontevedra

R/ Pasantería, 1 (Edif. dos Sindicatos), 3º andar 36002 PONTEVEDRA
Tel: 607 511 678 pontevedra@cntgaliza.org

Blog Sección sindical Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra:
<http://cntunivigo.blogspot.com/>

Betanzos

Rúa San Francisco 40-1º 15300 BETANZOS
Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA)

betanzos@cntgaliza.org

Blog: <http://cntbetanzos.blogspot.com/>

Ferrol

Avenida de Esteiro, 10, baixo 15401 FERROL (A CORUÑA)
Correspondencia: Apdo 147 15401 FERROL (A CORUÑA)
ferrol@cntgaliza.org

O sector forestal a debate

Crónica do II Foro-Mesa redonda celebrado o 26 de febreiro no auditorio do Centro Cultural de Xinzo (Ponteareas), organizado pola Sección Sindical Forestal da CNT-AIT.

Experiencia 1: os roteiros de Verdeazul

Mercedes Martín (membra de Verdeazul), falounos pola mañá da súa experiencia profesional como integrante desta empresa de aventura ubicada en Tui. Esta empresa adícase a facer roteiros guiados para aquelas persoas que gosten disfrutar da natureza en estado puro. Realizan tres roteiros principais como son o do río Tripes (afluente do Miño), o de San Antoniño e o da subida ao monte Galiñeiro.

Tamén nos falou da importancia de coñecer a paisaxe e o noso patrimonio etnográfico para así valorar o medio natural tan rico e diverso no que vivimos.

A madeira e a biomasa

A continuación Julio Ruiz Cagigal (enxeñeiro técnico forestal) espúxonos o seu punto de vista sobre os temas da madeira, madeiras nobres e biomasa. Fixo fincapé no problema do minifundismo en Galiza, que provoca que o aproveitamento madeireiro sexa pouco rentable debido ás reducidas dimensións das superficies arboradas e que inda por riba están moi repartidas en mans de propietarios particulares, o que dificulta a súa xestión. Así, fronte a este problema propuxo como solución a agrupación de propietarios particulares e de comunidades de montes veciñais en man común para unir esforzos e reducir custos que maximicen os beneficios dos propietarios e que polo tanto faga máis rentable o aproveitamento madeireiro do monte.

En canto ao tema das madeiras nobres, falou da nula ou case nula aplicación de selvicultura nos montes de Galiza para así mellorar a calidade da madeira e obter un maior valor engadido da mesma.

Outro problema ao seu xuízo é o pouco valor que lle damos á madeira producida aquí, como é o caso do piñeiro. Esta madeira pode utilizarse como materia prima para facer mobles, pisos de madeira, tarimas, etc. A maior parte da madeira que se consome en Galiza tense que importar, o que se traduce nunha falta de interese polo coidado dos montes.

Julio Ruiz falounos da importancia da biomasa como fonte de enerxía renovable para o aproveitamento sustentable dos montes. Segundo dixo, actualmente aínda non é rentable a produción de enerxía eléctrica a partir da queima de biomasa, xa que a elevada inversión en infraestruturas e en loxística para crear e abastecer as plantas de biomasa supoñen un custo moi alto que non se cubre coa venda eléctrica producida. Por iso este tipo de enerxía renovable só é interesante para as empresas debido á subvención millonaria que reciben do estado. Avogou por construír plantas de biomasa de produción media (sobre 5 Mw de potencia eléctrica producida) que causen menos

impacto e demanden unha cantidade de biomasa acorde coa que produce o monte. Tamén propuxo como medida de aforro enerxético a instalación de plantas de biomasa nos edificios públicos para a produción de calor.

Incendios forestais

O terceiro relator foi Ángel González (traballador do SPDCIF) que nos contou a súa visión sobre a problemática dos incendios forestais en Galiza. Falounos da pouca solidariedade que existe entre a xente que traballa no SPDCIF, a falla de profesionalización e da falla de medios materiais como no caso os equipos de protección individuais, para traballar nunhas condicións dignas e de seguridade. Tamén deu unhas nocións básicas sobre como se debe afrontar un traballador á tarefa de intentar sofocar un lume ou protexerse do mesmo coa maior seguridade posible.

O sector gandeiro

O último relator da mañá foi Santiago Barciela (biólogo e técnico da U.S.C.) que nos falou do tema gandeiro como aproveitamento complementario do monte que serve para dinamizar o medio rural. Sobre todo falounos do gando vacún en liberdade para a produción de carne con razas autóctonas como a rubia galega. Neste sentido fixo hincapé que as explotacións deste tipo en Galiza non poden competir con outras carnes de fóra debido ás pequenas dimensións das superficies que serven de alimento ao gando e á falla de profesionalización do sector. Aínda así dixo que o potencial productivo de Galiza de carne de vacún é moi importante.

A ecoloxía

Xa pola tarde, Almudena Rodríguez Vila (enxeñeira agroforestal e membra da asociación 13/14) falounos sobre a ecoloxía entendida como base para explicar o funcionamento dos ecosistemas forestais nos que se desenvolven tódalas interaccións entre a flora, fauna e ambiente. Fixo hincapé no importante que é conservar a biodiversidade para así manter as unións da cadea trófica entre os elementos que manteñen a ecoloxía forestal.

Os ríos e os bosques

Jesús de la Fuente (enxeñeiro de Montes) falounos da importancia dos ríos e das carballeiras como reservas de biodiversidade e reguladores de procesos climáticos, así como a súa función de corredores ecolóxicos.

Deunos unhas nocións de cómo manter os bosques de ribeira con especies de frondosas como o freixo, o ameneiro, o salgueiro, etc. Tamén nos falou da importancia de conservar os recursos hídricos (ríos, regatos, acuíferos), cada vez máis escasos debido á súa sobreexplotación, mediante repoboacións nas

cabeceras dos mesmos para evitar que se esgoten os manantiais.

Experiencia 2: a mel do Covelo

Alexandre Cendón (membro da Sociedade Abella Lupa S.A.T.) falounos da súa experiencia como integrante dunha empresa de produción de mel ecolóxica. Esta empresa posúe tres parcelas no concello de O Covelo (na zona do Suído) nas que ten instalados varios apiarios nos que viven as abellas produtoras da mel. Esta mel goza do certificado de produto sustentable grazas ó coidado á que son sometidas e ó entorno libre de contaminación no que viven. Este certificado provoca unha diferenciación da calidade da mel obtida.

Tamén nos falou dos problemas que causan os pesticidas que algunha xente utiliza deliberadamente, que afectan ás abellas encargadas da polinización de moitas plantas, alterando o ecosistema. Neste sentido avogou por utilizar a loita biolóxica (mediante depredadores) fronte á ameaza de insectos ou fungos que poidan danar as colmeas.

Experiencia 3: as cabras de Cabeiras

Por último, Xavier Simón (secretario da C.M.V.M.C. de Cabeiras - Arbo) contounos a experiencia que están levando a cabo na Comunidade de Montes de Cabeiras cunha explotación caprina en ecolóxico. Teñen 50 hectáreas cercadas divididas en diferentes parcelas, nas cales hai un certo número de cabras que se alimentan da biomasa que produce o monte. Actualmente teñen sobre 175 cabras; os machos véndenos para carne e as femias mantéñenas como cabezas reproductoras. De momento a explotación non lles resulta rentable, pero eles calculan que tendo sobre unhas 300 cabras xa lles saírían as contas. Aínda así obtéñen un beneficio moi importante como é a limpeza do monte como medida preventiva fronte ós incendios forestais. Ademais teñen un pastor a tempo completo coidando do rebaño de cabras, o que indica que tamén é unha fonte de emprego.

Conclusións

En liñas xerais, o II Foro - mesa redonda «O sector forestal a debate» gustou ós asistentes: proba disto foron as numerosas preguntas feitas polo público así como o debate aberto que se deu sobre os temas tratados. Tamén hai que salientar a calidade das exposicións dos relator@s, deixando unha grata impresión nos asistentes. Houbo ademais un nivel de asistencia aceptable (entorno a 40 persoas).

Esperamos que o vindeiro ano poidamos xuntarnos de novo para aprender un pouco máis do noso monte e concienciar á tod@s do importante papel que desempeña nesta sociedade.

Maurice Joyeux: Autogestión, gestión operaría, gestión directa

A CNT de Compostela ven de editar una nova brochura, consistente en dous artigos da historiadora brasileira Margareth Rago: *Epistemología feminista, género historia e Descubriendo historicamente o género*.

A autora pregunta-se se é posible una historia das mulleres e os problemas decorrentes do privilexiamento de un outro suxeito universal: a muller. Pregunta-se se há un modo de interrogación propio do olhar feminino, un punto de vista específico das mulleres ao abordar o pasado, una proposta de releitura da Historia no feminino. A autora procura, enfim, levantar algúns puntos de reflexión sobre a epistemología feminista e sua ressonancia na historiografía. É da maior importancia discutir


questões tão candentes e atuais, procurando perceber as possibilidades abertas para a produção do conhecimento pelas discussões que giram em torno da incorporação da categoria do género e que apontam para a sexualização da experiência humana no discurso.

A edición acompaña-se de una serie de ilustrações que documentam o traballo feminino através das diferentes épocas históricas, desde a antigüidade até o século XX, e se completa com um artigo do compañeiro Martín Paradelo, de título *Mulher, trabalho e anarquismo*.

A brochura está disponível para a venda nos locais da CNT a um preço ben económico, e para descarga libre no site www.cntgaliza.org, na sección *Ateneo Virtual*.

Loita de clases e represión franquista no Mar

Partindo da evolución do asociacionismo marítimo na Galiza na etapa contemporánea, Dionísio Pereira mergulha-nos no desenvolvemento da conflitividade social e laboral no «Mar de Galegos» desde finais do século XIX e começos do XX, assim como na represión que após o golpe militar do 18 de Julho de 1936 se dirixiu contra esta rede



humana que turrava por una riqueza compartida e um horizonte vital mais livre e igualitário, ao que não foi alheia a presença da «Federación da Industria Pesqueira» da CNT Galaica.

Dionísio Pereira, «Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)», Edicións Xerais, Vigo 2010.

Nen autoridade nen lei no ensino galego

Sobre a Lei de Convivencia Escolar



O anteproxecto de «Lei de Convivencia Escolar e Participación da Comunidade Educativa», principal recurso da Consellería de Educación para «mellorar a ensinanza», leva amosando, desde o momento da presentación do seu borrador, cal é a maneira de entender o ensino no goberno de Núñez Feijóo. Os partidos políticos da oposición, a maior parte dos sindicatos de xestión –agás o sindicato reaccionario ANPE– e unha morea de institucións e organizacións vinculadas ao contexto educativo da Galiza teñen criticado e reivindicado a devolución da «Lei de Convivencia», amosando en todos os casos un profundo desacordo coas principais prescricións desta norma. Cabe lembrar tamén, que esta norma foi apresentada pola Consellería de Educación sen coñecemento previo da comunidade educativa, nen tan sequer do propio «Observatorio da Convivencia».

A «Lei de Convivencia» reconece para o profesorado galego a duvidosa condición de autoridade pública –como un policía ou un xuíz– e a súa presunción de veracidade. Ademais, faculta e permite delegar aos Centros de ensino a regulamentación da vestimenta do alumnado e dá acceso á participación das familias no proceso educativo através de «mecanismos de consulta» e incluso de «participación directa» no contexto de decisións do centro.

Como traballadores e traballadoras da CNT- Ensino de Galiza queremos amosar o noso rexeitamento absoluto a esta norma. É evidente, por coherencia e tradición, que os traballadores que facemos parte deste Sindicato non queremos nen desexamos ser «autoridade pública» e entendemos como outra mostra de demogoxia a pretensión do goberno de Núñez Feijóo de outorgar unha condición pseudo-xurídica aos docentes. Na CNT-Ensino pensamos que a dignificación do traballo dos docentes é un xesto moral e non se basea na violencia e na imposición. Non hai lugar, logo, para tomar esta medida, xa que apesar de existir casos conflictivos, non existe unha demanda maioritaria no sector educativo. O pasado mes de Decembro de 2010 apenas existían expedientes abertos achegados ao 0,3% do alumnado galego, un dado residual que fala dunha diminución clara da conflictividade nas aulas galegas. A CNT tamén

entende que a pretensión de regulamentar a vestimenta nos centros responde a unha visión moi reaccionaria sobre a pluralidade social das escolas galegas e no fondo, esta medida da norma pretende trasladar unha certa problemática cultural á comunidade educativa, deixando de exercer así as súas correspondentes funcións a Administración, tal é como se está a comprobar co caso da moza musulmana en Arteixo. O acceso ás familias nas cuestións educativas, por outra parte, serviría, entre outras cousas, para dar lexitimidade xurídica a pantomima da pasada consulta sobre o galego que se lle enviou ás familias.

Portanto, para a CNT é prioritario enfocar a problemática actual do sistema educativo galego en aspectos menos anecdóticos; subliñando así as medidas educativas como as únicas necesarias en calquer iniciativa legal que a Consellería plantexe. É importante tamén deixar de asumir a conduta natural dos alumnos e alunas como irreversiblemente conflictiva, así como valorizar a función docente fora e dentro do seu contexto. Deste xeito podemos afirmar que querer atallar a suposta conflictividade nas aulas incrementando a xerarquia do docente obedece a un abceso reaccionario que pretende xerar un ambiente penitenciarista nos liceos.

As medidas demagóxicas e reformistas da «Lei de Convivencia» non aspiran a artellar solucións aos problemas estruturais do ensino galego como son o aumento das razóns do alumnado nas aulas, o constante recorte orzamental para servizos básicos (educación especial, orientación, normalización lingüística, etc) ou a redución da formación de docentes e a crecente presión da inspección sobre o profesorado, senón que pretende manter a violencia simbólica do sistema económico-social sobre a mocidade xerando unha rendábel desigualdade que o propio e manifesto fracaso escolar demos-tra.

A CNT-Ensino rexeita abertamente a «Lei de Convivencia» veña de onde for, sexa da reacción populista do PP ou sexa de calquer outro partido político ou sindicato, pois sempre apoiaremos aquelas medidas de vaian dirixidas a xerar nos nosos Centros de ensino espazos de autoxestión que teñan como función primordial o crecemento de individuos libres e responsábeis.

Será que aprenderemos algo do accidente de Fukushima?

Vén da páxina 1

dun custoso e longo proceso de desmantelamento. En canto ao seu suposto baixo custo, non está nada claro. A enerxía nuclear en moitos casos está subsidiada (construción de centrais, desmantelamento, tratamento de residuos). Máis importante, o estado asume grande parte das responsabilidades no caso de accidente. De feito, días despois do inicio do incidente de Fukushima, o estado español creou unha lei que cambia o límite de responsabilidade dos titulares de centrais nucleares de 700 a 1200 millóns de euros. É obvio quen pagaría o resto no caso de catástrofe.

Se non existe máis controversia con respecto á enerxía nuclear é, en grande medida, por que a industria segue unha política de ocultación en todo o que ten que ver con erros e seguridade, e por que o seu enorme poder económico, político e mediático proporciónalle todas as facilidades para ocultar e desinformar á poboación.

Cando comezou a «crise» de Fukushima, xurdiron toda clase de expertos en enerxía nuclear, cun discurso que minimizaba o problema e expuñaño como unha mostra do alto nivel de seguridade que ten unha central nuclear, capaz de resistir un terremoto de magnitude histórica. Mentres, os medios eloxiaban en xeral o alto nivel de «responsabilidade» e submisión do pobo xaponés, que os facía crer totalmente o que o seu goberno e a compañía TEPCO dicían, e non fuxir simplemente cando era máis fácil.



Un reactor nuclear de fisión é basicamente un colector con combustible nuclear. A fisión deste combustible xera inxentes cantidades de calor. Esta calor converte auga en vapor de alta presión que move unhas turbinas que xeran a electricidade. O control realízase mediante barras de control, que inhiben a reacción de fisión, a pesar do cal séguese xerando moita calor. É como unha pota a presión conectada a un lume que tarda semanas en apagarse. A calor disípase mantendo un fluxo de auga, para o que é necesario electricidade. Se algo disto falla, a calor aumenta, a presión do vapor ameaza con romper o colector e o combustible nuclear pode acabar uníndose xerando unha reacción moito máis forte e descontrolada.

En Fukushima os reactores pararon por causa do terremoto. Os medios auxiliares (xeradores de gasoil) non estaban enterrados polo que despois do tsunami foron inutilizados. Sen electricidade, parou a refrixeración e os reactores se sobrequecentaron, convertendo parte da auga en vapor, aumentando a presión e deixando parcialmente o combus-

tible ó descuberto.

A partir dese momento, comezou a improvisación, xa que non había un procedemento para unha situación que teoricamente non se podía producir. Os traballadores trataron de empregar auga de mar para refrixerar e evitar que o combustible quedase descuberto (fora da auga), liberaron vapor (que contiña elementos radioactivos) á atmosfera para diminuír a presión, tentáronse solucións como lanzar auga desde helicópteros e camións, etc.

Xa se produciu contaminación aérea (atopáronse niveis de contaminación da mesma orde de magnitude que os producidos en Chernóbil), mariña (con concentracións máis de 1000 veces superiores ao permitido), fugas a augas subterráneas (que permiten estender a área contaminada) e mesmo plutonio fóra dos colectores, o que demostra fugas de importancia.

A enerxía nuclear é un gran negocio para uns poucos e un perigo innecesario para todos. Constitúe ademais unha tecnoloxía que, pola súa complexidade e nivel de risco, non pode ser empregada a pequena escala. É por exemplo, un pouco máis sinxelo ter unhas placas solares ou un pequeno muíño de vento que un pequeno reactor nuclear en cada casa. Se soamente o pobo tomase as decisións, hai tempo que esta fonte de enerxía deixaría de estar explotada. Pero nin tan sequera os actuais poderes políticos e económicos poden prescindir totalmente da opinión do pobo, cando esta se manifesta de forma clara.

Outra volta ó circo eleitoral

Vén da páxina 1

se na cima e apropiarse da exclusiva da decisión, ao tempo que se fan practicamente inalcanzables à hora de render contas pola súa actuación.

Para alén, entendemos que fundamentos básicos das nosas vidas e das nosas relacións, como son a liberdade ou a igualdade, son irrenunciáveis, polo tanto e polas razóns aducidas, non podemos concorrer nestes procesos sem perder a nosa condición de persoas libres.

Mas tamén sabemos que na práctica o voto e o conseqüente mantemento ou troca de goberno non resolve nada. Porén estamos mui lonxe de manter a ficticia postura de que todos os partidos son iguais. Hai partidos máis dominados pola banca do que outros, partidos constituídos por máis empresarios do que outros, partidos con máis ligazóns coa Igrexa do que outros, partidos que legitiman e permiten a violencia militar no mundo máis do que outros, partidos máis afetados pola estética do que outros e que elevan minimamente o seu compromiso social. Mas o facto é que ningún partido deixa de se mover nestas tesituras, dado o actual



estádio do sistema capitalista e o reducido marco de actuación que permite a lexislación básica española.

Entendemos tamén que a continua participación electoral son un obstáculo ou cando menos un factor de ralentización na construción de alternativas autónomas e libera-doras. Fai-se evidente que non se trata de deixar de votar nun ou outro comicio. Trata-se de tomar a abstención como un aspecto máis de unha actitude belixerante co poder, que define como práctica fulcral a desobediencia. Este é o aspecto negativo da nosa relación co poder. Desobedecemos aquilo que agrede à nosa moral, desobedecemos aos exércitos, desobedecemos a certas obrigas fiscais, des-

obedecemos ao matrimonio, desobedecemos tamén ao sistema electoral. Mas tamén exercita-mos un sentido positivo e construtivo que vai máis alá da desobediencia, mas unido a ela.

Trata-se de constituír-nos como abstencionistas ao sistema, de analizar este desde un punto de vista global e radical, e de axir no sentido de abrir fendas desde as que podamos construír alternativas non capitalistas e non autoritarias. Non podemos elaborar unha guía de actuación neste sentido, en canto que debe ser a experiencia diaria e confrontada a que marque o camiño, mas si deixar claro que debemos axir en todos os eidos, desde o económico até as nosas relacións persoais, e que non hai tentativa nen experiencia pequena nen pouco importante. É precisamente mudando o cotidiano, o diário, desde abaixo, desde as súas manifestacións máis pequenas, como podemos mudar o mundo.

É simplemente lembrar o vello lema: os nosos soños non caben nas súas urnas, e construír paso a paso e decididamente os nosos soños.

Contra as subcontratacións na Xunta

A CNT de Compostela ven de realizar unha campaña de denuncia da subcontratación ilegal por parte da Xunta de Galicia e contra a súa práctica de acoso e despedimento dos traballadores e traballadoras subcontratados durante anos nas empresas TecnoCom e Tragsatec que denuncian esta situación ilegal.



A cesión ilegal é unha práctica frecuente na administración pola que se obtén persoal desde empresas externas en vez de ofertar prazas de funcionariado. Isto constitui unha ilegalidade que ten coma consecuencias o enriquecemento de empresas privadas, o aumento do gasto público e a precarización do persoal subcontratado.

A campaña contra esta evidente privatización dos servizos públicos e reclamando o fin dos despe-

dimentos represivos contou con numerosos actos ao longo de marzo e abril: concentracións nas empresas implicadas TecnoCom e Tragsatec, no edificio central da administración en Compostela e nas delegacións galegas da Xunta de Galicia.

Tamén compañeiros de CNT do resto do estado estenderon esta solidariedade realizando-se concentracións solidarias en varios puntos do estado: na delegación da Xunta en Madrid, na sede das

empresas en León e Jaén.

Ademais, editaron-se dous vídeos, un explicativo do problema da cesión ilegal e outro que recolle os distintos actos realizados e que culminaron, para finalizar a campaña, cunha manifestación o 26 de marzo en Compostela que contou coa participación dun cento de persoas que percorreron animadamente as ruas compostelanas reclamando a readmisión dos compañeiros/as e protestando contra a privatización dos servizos públicos.

Agora só nos queda agardar unha boa solución para os conflitos abertos e seguir a protestar para evitar no sucesivo estas políticas privatizadoras na Xunta de Galicia. No seguinte artigo pódete informar con máis detalle sobre a loita dos informáticos contra a súa precarización laboral.

San Precario, patrón dos informátics@s




Este é o 5º ano de celebración do San Precario no Siega, o servizo de Informática da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Nesta ocasión faremos especial fincapé no aumento da preocupación dos informáticos polas súas condicións laborais, tanto na comarca de Compostela como a nivel de todo o estado, crecendo os conflitos e a autoorganización dos traballadores e traballadoras no sector.

A nivel de Compostela vimos a evolución das distintas denuncias de informáticos en varias Consellerías da Xunta de Galicia. En todos os casos, na Consellería de Educación, na Consellería de Medio Ambiente e na Consellería de Sanidade existiron denuncias por cesión ilegal de traballadores para posteriormente producirse os despedimentos por parte da Xunta e as empresas TecnoCom e Tragsatec. Así 5 compañeiros e compañeiras levan varios meses xa na rúa agardando os correspondentes xuízos. (máis info en: <http://www.cntgaliza.org/?q=despedimentos>)

Problemas semellantes vemos se ampliamos as miras ao resto do estado, atopándonos:

En Catalunya hai dúas seccións sindicais de informáticos en distintos departamentos da Generalitat: no departamento de Cultura (<http://sermicrohospitalet.cnt.blogspot.com/>) e no departamen-



to de Territori i Sostenibilitat (<http://cnt-agites.blogspot.com/>). En ambos os dous casos teñense presentado denuncias por cesión ilegal ante a Generalitat e con empresas implicadas da calaña de: Informática del Corte Inglés (IE CISA), Sermicro, Nextret. Estos compañeiros están a sufrir un brutal acoso por parte do goberno catalán e as citadas empresas sicarias.

Por outra parte están os compañeiros do Seris, no Hospital San Pedro en Logroño, pentecente ao departamento de Informática de Riojasalud onde vemos unha situación aínda máis dramática con seis traballadores informáticos despedidos, que denuncian a RiojaSalud e ás empresas Telefónica Soluciones e Oesía Networks por prácticas de cesión ilegal (<http://cntoesia.blogspot.com/>).

Recentemente, atopamos informáticos en conflito en Mérida, un claro caso de acoso sindical na empresa Silice Tecnología y Servicios S.L onde van catro despedidos da Sección sindical de CNT (que abrangue a 2/3 do total da

plantilla), tras reclamar os dereitos máis básicos (<http://cnt.es/noticias/continua-la-repesion-sindical-en-silice-tecnologia-y-servicios-sl>).

Tamén veñen de autoorganizarse os compañeiros/as informáticos na capital do estado (<http://informaticamadrid.cnt.es>) para tentar dar unha resposta organizada aos constantes abusos que sufrimos por parte dos empresarios do sector.

En definitiva, a CNT opta pola vía da protesta e do non sometimento aos dictados destas empresas cárnicas da informática, xa sabemos que este é en moitos casos un camiño duro e difícil pero non podemos deixar que se nos vulnere o dereito máis básico que temos: o de levantar a cabeza e amosar a dignidade. Non somos gando sen dereitos, somos traballadores e traballadoras conscientes e só buscamos traballar en condicións dignas no sector informático.



Primeiro foron

Primeiro foron polo tabaco, eu xa só fumo algún puro nalgunha voda á que tampouco me importa non ir.

Logo foron polo alcol, eu só bebo moi de tarde en tarde cando saio cos amigos, cada vez menos amigos; con non saír, amañado.

A continuación repararon nos porros, eu xa só os proba nas festas da aldea, onde nos xuntamos a panda de sempre a lembrar os vellos tempos, para deprimirse; é cuestión de non volver á aldea cando as festas.

Seguiron coa coca, non entra nos meus costumes nin no meu orzamento; no problem.

Co cabalo, sempre me deu demasiado medo para sequera ulilo;

non me fio de min mesmo, demasiado débil.

Co ácido, anfetetas, speed e todo tipo de piluliñas de cores; xa non estou para experimentos, nin sequera con gaseosa, e nunca fun do pau medicinal, somníferos, estimulantes, anestésicos...

A relixión abandoneina hai xa non sei nin cando, de cine pouco, de libros menos, comer calquera cousa, sexo monoparental... apenas me queda a música, si, xa sabes, desa que non lle gusta a ningún.

Empezo a pensar que o politicamente incorrecto son eu.

Liberdade de expresión ?

O portal web de contra-información e foro libertario alasbarricadas.org perdeu o recurso ante o tribunal supremo pola demanda presentada por José Ramón Julio Márquez Martínez, máis coñecido como Ramoncín, baixo a acusación de inxurias e faltas ao seu honor. Este medio de comunicación deberá pagar unha indemnización ao demandante de 6.000 euros, aos que lles hai que sumar 5.300 euros de gastos xudiciais. En total sae a pagarlle a Ramoncín a campal cifra de 11.300 euros.

A isto chámanlle liberdade de expresión? Supoñemos que a liberdade de expresión acaba cando manifestamos o noxo, a repugnancia, o desagrado e a xenreira que sentimos cara a persoas como Ramoncín, persoas que, ignorando por completo o que é facer calos nas mans, non paran de chupar do bote, neste caso Ramoncín chupa do trabuco absurdo e cheirento que nos impuxo a S.G.A.E. para dominar a creatividade.

Loureda libertaria

BIGESS ofrece traballo ou engana?

BIGESS é unha empresa adicada a «formación» laboral con vistas a atopar colocación. Non entramos a valorar a súa capacidade para tal, pero parecen cando menos insultante a súa estratexia comercial, máis nestes tempos onde atopar un traballo está sendo para moitos toda unha aventura. Reproducimos agora a carta que nos envía un afiliado neste sindicato, e a nós parecenos que a súa denuncia pública merece ser recollida por esta páxina.

«Compañeiros: Vos sabedes a situación na que nos ten sumidos o sistema actual. O Capital e os seus gobernos quíttanos ata a última gota de sangue, fannos recortes sociais, reformas laborais etc. E para máis vergoña, aparecen empresas que queren aproveitarse da nosa situación desesperada, de paro e de crise para ofertarnos traballo, traballo público, de fun-

cionario, con supostas seleccións.

Estes días na «Voz de Galicia», na sección de búsqueda de emprego, aparece un anuncio de selección de peóns de mantemento para o Concello de Miño. Aparece un teléfono onde chamo e convocanme para unha entrevista na Coruña. Ao parecer o posto non vai por oposición senon por un exame que ten un temario de Cultura Xeral etc. Despois de venderme o fantástico posto de traballo (horario de 8 a 15 horas, soldos por riba dos 1300 euros, estabilidade no posto ata os 65 anos...), a charla remata cun «o prezo son 1.490 euros, e damosche facilidades de pago con un interés moi bó».

Pero que tomadura de pelo é todo isto? -Vós non vos anunciades como unha academia, senon como ofertantes de emprego - ¿Como non se me dixo isto na miña chamada?

¿Cómo se poden aproveitar así da xente que pola nosa desesperación aferrámonos a un cravo ardendo para poder acceder ao mercado laboral?

Compañeiros, denunciade esta empresa, para que outras persoas de Betanzos, que están na miña situación, non perdan o tempo, nen os cartos, nen pasen a vergoña destas ratas que se fan chamar empresas...»

BIGESS está situada nunha oficina no 2º andar da Torre de Cristal de Matogrande (A Coruña).